

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

CONTIDOS

1. O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS
2. ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS
3. RELACIÓN CO CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA
4. FUNCÍONS DO EQUIPO COVID-ESCOLAS
DOS CENTROS DE SAÚDE

BLOQUE 2: **OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE**

1. O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

- Cada centro educativo contará cun equipo formado na COVID-19 que será referencia para o resto do persoal, profesorado, alumnado e familias.
- O equipo COVID-19 de cada centro educativo estará formado por:
 - O **director/a do centro** ou persoa na que delegue ou substitúa.
 - 2 membros do **profesorado**.

Nos centros de <6 unidades, o equipo COVID poderá constituírse cunha soa persoa.

Funcións do director/a do centro educativo:

- O nomeamento dos restantes membros do equipo COVID-19.
- A función coordinadora COVID-19 e a interlocución coa administración e centros sanitarios.
- Cada centro educativo establecerá unha canle de comunicación do equipo COVID cos restantes membros da comunidade educativa.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

- Cada **equipo COVID dos centros educativos** disporá do contacto do equipo COVID-escolas situado no centro de saúde máis próximo. Terá **interlocución directa para a resolución de dúbidas, comunicación de incidencias ou a intensificación da formación inicial no propio centro escolar.**
- Ante a aparición de **sintomatoloxía compatible coa COVID** (Protocolo: Anexo I) **no persoal non docente ou profesorado**, estes non acudirán ao centro educativo e comunicaranllo ao **equipo COVID.**
- No caso de existir nalgún **alumno** un **caso confirmado**, o **equipo COVID do centro** incluírá a **información dos contactos estreitos do afectado/a**, entre eles os compañeiros/as de aula, os contactos máis próximos dentro desta e o profesorado que imparte clase nese grupo, así como aquela información sobre contactos que poidan achegar voluntariamente os pais, nais ou titores/as legais.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

- O **equipo COVID** de cada centro ten a **obriga de segredo profesional** sobre os datos que teña coñecemento por mor da aplicación deste protocolo.
- Correspóndelle ao **equipo COVID** en colaboración coa secretaría do centro **distribuír ou organizar o reparto do material específico de protección fronte a COVID**, levar a súa contabilización e inventario separado e certificar os consumos e gastos producidos.
- **A persoa coordinadora do equipo COVID** será a encargada de manter a **comunicación** dende o centro educativo cos diferentes órganos da **Consellería de Educación**, e, de ser o caso, da **Consellería de Sanidade** ou do **Sergas**. Correspóndelle así mesmo a comunicación co **persoal do centro** e coas **familias e alumnado**.
- O **equipo COVID-19 de cada centro educativo** deberá contar en todo momento **cunha relación de todo o alumnado e do persoal do centro** (a información deberá agruparse por aula e co profesor asignado a esta ou en contacto co alumnado). Nela figurará a identificación persoal, un ou varios números de teléfono de contacto e o enderezo para, de ser o caso, **poder trasladárllelo ás autoridades sanitarias**.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

- O **departamento de orientación** colaborará co **equipo COVID** na identificación das necesidades de protección e hixiene que este alumnado precisa para a súa atención.
- O **equipo COVID** debe **asegurar que a información sobre os protocolos de actuación** e as medidas de prevención, hixiene e promoción da saúde **implantadas nos centros educativos chegan e son comprendidas por toda a comunidade educativa** (exemplos):
 - Proporcionar información e facilitar a adquisición de habilidades sobre as medidas de protección e hixiene das persoas traballadoras do centro educativo.
 - Enviarlles a información a todas as familias, mantendo unha canle dispoñible para a resolución de dúbidas.
 - Potenciar o uso de infografías, carteis e sinalización que fomenten o cumprimento e comprensión das medidas de prevención e hixiene.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

O PAPEL DOS EQUIPOS COVID DOS CENTROS EDUCATIVOS

- O **equipo COVID do centro educativo** será o encargado de elaborar un **“Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021”** no que se determinen e especifiquen as medidas concretas que hai que aplicar no centro.
- Este plan será comunicado por parte do equipo COVID a:
 - Persoal do centro.
 - Familias.
 - Alumnado (a partir dos niveis de ensino obrigatorio).

O “Plan de adaptación á situación COVID-19 no curso 2020/2021” seralle remitido, ao inicio de curso, á Inspección Educativa xunto co resto da documentación correspondente.

BLOQUE 2: **OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE**

2. ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS

- **En caso de gromo**, a autoridade sanitaria, en coordinación coa Consellería de Educación determinará en cada caso o **número de persoal afectado e a duración das medidas de corentena** o que se lle comunicará ao equipo COVID do centro para a súa comunicación á comunidade educativa, sen prexuízo de que esta sexa facilitada pola autoridade sanitaria.
- O **coordinador/a COVID do centro educativo** comunicalle as incidencias ou abrochos ao equipo de coordinación operativa COVID da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS

- **No suposto da aparición dun caso, ou dunha sospeita, de coronavirus nun centro educativo** tanto sexa do alumnado, profesorado ou persoal non docente, **a persoa coordinadora do equipo COVID** contactará coa **Xefatura Territorial de Sanidade** e co centro de saúde de referencia, para comunicarllelo.
- Se existe un **peche do centro ou dunha ou varias aulas**, o **equipo COVID** encargárase de **organizar e supervisar a reactivación** cando se produza.

Caso confirmado da COVID-19 en convivinte dos alumnos/as ou nos membros da comunidade docente:

- O alumnado ou o persoal do centro **non poderán acudir** ao centro educativo ata que **remate o período de corentena ou de illamento indicado**.

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

ESCENARIOS NO SUPOSTO DE ABROCHOS

- **Será a autoridade sanitaria quen decidirá** quen son os contactos estreitos en función da rede de contactos que se indique dende o Equipo Covid da escola. Estes deberán realizar unha corentena de 14 días.
- **Ante a dúbida de que un ou unha alumno/a teña síntomas compatibles coa COVID-19** (Protocolo: Anexo I) **á chegada ao centro ou ao longo da xornada:**
 - **Illar o caso sospeitoso e acompañalo** (con todas as medidas de protección) mentres se procede a contactar inmediatamente coa familia, que será a encargada de solicitar a correspondente consulta telefónica co/a pediatra ou médico/a de atención primaria asignado a esta persoa (pode ser que non coincida con ningún profesional do centro de saúde de referencia para o centro educativo).

3. RELACIÓN CO CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

RELACIÓN CO CENTRO DE SAÚDE DE REFERENCIA

- Cada centro educativo terá asignado un centro de saúde de referencia.
- Serán nomeados como únicos interlocutores un representante do centro educativo, membro do equipo COVID, e un representante do centro de saúde (xunto cos correspondentes suplentes).
- O **contacto** será preferentemente **telefónico** enfocado a resolver dúbidas relacionadas exclusivamente coa COVID.
- O centro de saúde valorará se pode utilizar **esta canle de comunicación para outros aspectos sanitarios** de relacións indirecta como a educación para a saúde.
- O equipo COVID-escola do centro de saúde poderá realizar **visitas acordadas** ao centro educativo se se considera necesario.

4. FUNCIÓN DO EQUIPO COVID-ESCOLAS DOS CENTROS DE SAÚDE

FORMACIÓN EQUIPOS COVID-19

BLOQUE 2: OS EQUIPOS COVID-19 DOS CENTROS EDUCATIVOS E A SÚA COORDINACIÓN COS CENTROS DE SAÚDE

FUNCIÓN DO EQUIPO COVID-ESCOLA DO CENTRO DE SAÚDE

- O persoal de cada equipo COVID-escola do centro de saúde asignado terá como **función** a de **ser interlocutor para o ámbito da escola de forma exclusiva para cuestións vinculadas coa COVID**. As cuestións relacionadas coas atencións sanitarias doutra índole que poidan xurdir, xunto coa sospeita dun caso COVID no centro educativo, terán o seu propio procedemento específico.
- Estará dispoñible para **aclarar dúbidas** en relación a procedementos, formación ou información para o **persoal do centro educativo**.
- **O equipo COVID do centro educativo disporá do teléfono de contacto do equipo COVID-escola** que lle corresponda co obxectivo de ter a maior accesibilidade posible.
- **O equipo COVID do centro educativo comunicarlle os casos positivos da COVID** que se produzan no centro educativo, **ao equipo COVID-escola do centro de saúde**.